

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

13261 *Real decreto 1080/2014, do 19 de decembro, polo que se establece o réxime de coordinación das autoridades de xestión dos programas de desenvolvemento rural para o período 2014-2020.*

En aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), para o período de programación de desenvolvemento rural 2007-2013, existía en España unha estrutura da programación baseada nun marco nacional de desenvolvemento rural, dezasete programas rexionais e un programa específico para a Rede rural nacional, aplicables até o 31 de decembro de 2015. Para facilitar a coordinación entre as dezoito autoridades de xestión existentes, publicouse o Real decreto 1113/2007, do 24 de agosto, polo que se establece o réxime de coordinación das autoridades de xestión dos programas rexionais de desenvolvemento rural. Este real decreto creou unha estrutura de coordinación da aplicación da política de desenvolvemento rural comunitaria en España baseada nun comité nacional de seguimento para a coordinación da execución dos programas e a coordinación das autoridades de xestión dos programas rexionais polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da hoxe Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal.

En aplicación do artigo 6.2 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, a estrutura de programación en España para o período 2014-2020, segundo se acordou na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural celebrada os días 24 e 25 de xullo de 2013, basearase nos dezasete programas de desenvolvemento rural e nun marco nacional de desenvolvemento rural, que conterá aqueles elementos comúns a todos os programas e, como novidade, respecto do período 2007-2013, un Programa nacional de desenvolvemento rural que incluírá a Rede rural nacional. É dicir, a conferencia sectorial, co criterio dunha maior simplificación das estruturas administrativas e de simplificación burocrática, optou por reunir baixo a mesma autoridade de xestión e dentro do mesmo programa as medidas e operacións que contén o Programa nacional de desenvolvemento rural que, pola súa vez, engloba as antigas actuacións propias da Rede rural nacional, que contaba cun programa propio no período 2007-2013 regulado pola Orde ARM/3367/2010, do 22 de decembro, pola que se establece a organización da Rede rural nacional, e que se procede a derrogar por este real decreto. Por tanto, o Programa nacional incluírá a estrutura e as disposicións de xestión da Rede rural nacional regulada no artigo 54 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o seu Plan de acción para o período 2014-2020.

O Programa nacional é compatible cos programas de desenvolvemento rural autonómicos, cunha clara delimitación entre ambos os ámbitos de programación que está definida no marco nacional, e inclúe actuacións de interese nacional que exceden o ámbito autonómico, así como outras que son competencia da Administración xeral do Estado. A execución de todas as medidas producirá, sen dúbida, efectos positivos para promover a unidade de mercado e a igualdade de trato en situacións semellantes.

Conforme o artigo 65 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, cada programa deberá contar cunha autoridade de xestión, responsable da xestión e aplicación do programa, cunha

separación clara de funcións cos organismos pagadores e de certificación, designados conforme a normativa da Unión Europea. Desta forma prevese a existencia dunha autoridade de xestión por cada un dos programas rexionais e outra para o Programa nacional de desenvolvemento rural.

Ademais, considérase necesario dispor, para este período de programación, dun organismo de coordinación das autoridades de xestión, de conformidade co artigo 66.4 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que establece que, cando un Estado membro teña máis dun programa, se poderá designar un organismo de coordinación para efectos de asegurar a coherencia na xestión dos fondos e establecer un vínculo entre a comisión e as autoridades de xestión, sen prexuízo das funcións de coordinación dos organismos pagadores de España atribuída ao Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) de acordo co disposto no Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co Feoga-Garantía.

No período 2007-2013 xa existía en España un organismo de coordinación das autoridades de xestión, creado polo Real decreto 1113/2007, do 24 de agosto, no seu artigo 5. Resulta imprescindible manter esta configuración de cara ao período 2014-2020, co fin de fixar posicións sólidas entre todas as autoridades de xestión dos fondos de desenvolvemento rural, e asegurar así a coherencia na xestión dos máis de oito mil millóns de euros procedentes do Feader con que conta España para todo o período 2014-2020, máxime tendo en conta que para este período este deseño encontra expreso apoio na normativa da Unión Europea mencionada. Dado que as funcións do organismo de coordinación as exercerá a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal –como xa ocorría para o período anterior– en ningún caso se está creando un novo órgano –pois existe xa na estrutura orgánica do departamento– nin aumentando o gasto público –pois as súas funcións atenderanse cos medios persoais e materiais xa existentes no mencionado centro directivo–. Así mesmo, ao confluiren na mesma dirección xeral as tarefas propias do organismo de coordinación e da autoridade de xestión do Programa nacional de desenvolvemento rural, lógrase unha perspectiva holística da materia que se vai tratar e o fomento das economías de escala e as adecuadas interrelacións entre funcións, respectando, en todo caso, as diferentes aproximacións á cuestión que ambas as funcións exixen necesariamente.

Para o correcto funcionamento deste organismo de coordinación das autoridades de xestión é fundamental contar cun comité de coordinación das autoridades de xestión. En particular, este Comité de coordinación afondará na necesaria coordinación de posicións entre todas as autoridades de xestión dos programas de desenvolvemento rural, en apoio do organismo de coordinación.

É máis, este Comité de coordinación herda a estrutura das reunións de coordinación de autoridades de xestión celebradas informalmente e con periodicidade mensual durante o período de programación 2007-2013, que se demostraron esenciais na correcta imbricación do sistema. O Comité de coordinación das autoridades de xestión estará formado polas dezoito autoridades de xestión dos programas de desenvolvemento rural españois.

Debido á importancia das decisións que ten que adoptar este Comité, en particular a proposta de realizar transvasamentos de fondos entre programas prevista nesta norma e inexistente no anterior período de programación, cómpre sustentar a súa estrutura mediante unha previsión expresa que o presente real decreto conteña e que a súa composición permita a máxima axilidade e participación das autoridades de xestión implicadas. En consecuencia, sen aumentar o número total de órganos colexiados, lógrase con esta norma unha efectiva distribución dos recursos e unha maximización das potencialidades organizativas para unha efectiva toma de decisións que, en todo caso, se atenderán cos medios persoais e materiais xa existentes. Novamente, aténdese con esta modificación ao criterio dunha mellor articulación das estruturas administrativas e de simplificación burocrática.

Así mesmo, de conformidade co artigo 73 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, reconfigúrase o Comité nacional de seguimento creado polo Real decreto 1113/2007, do 24 de agosto, adecuándoo ás novas necesidades deste período de programación e adaptándoo en canto ás súas funcións, ás novas necesidades derivadas tanto da experiencia na xestión do desenvolvemento rural no noso país como no novo marco normativo da Unión para este período de programación. A composición do Comité inclúese como anexo deste real decreto.

Este Comité será o órgano encargado de garantir a coordinación da execución dos programas, tanto do nacional como dos rexionais, en relación co marco nacional e a utilización dos recursos financeiros, así como propor as posibles modificacións do marco nacional. Formarán parte del tanto as administracións públicas estatal e rexionais como os representantes dos axentes sociais, ambientais e económicos de ámbito nacional con interese no medio rural, co fin de garantir a gobernanza e a participación da sociedade na toma de decisións e na súa posta en marcha, de acordo co preceptuado na normativa da Unión Europea ao respecto.

Débese sinalar que a presente norma suprime o antigo Comité de participación da Rede rural nacional, creado polo artigo 4 da Orde ARM/3367/2010, do 22 de decembro, xa que este Comité de participación quedaría agora dentro da estrutura do Comité de seguimento do Programa nacional que, como programa de desenvolvemento rural, ten a obrigaición regulamentaria de contar cun comité de seguimento propio.

Finalmente, establécense precisións sobre o lugar de presentación das solicitudes de axuda ás medidas de desenvolvemento rural no caso en que ou a explotación ou o investimento supere o ámbito dunha soa comunidade autónoma tendo en conta que, segundo o establecido no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, no caso de que se trate dunha das medidas establecidas no ámbito do sistema integrado de xestión e control que regula o dito real decreto cuxo prazo de solicitude coincida co da solicitude única, a dita solicitude deberá estar incluída na solicitude única de cara á simplificación normativa e á redución de cargas administrativas inxustificadas para o cidadán.

Este real decreto dítase en virtude do artigo 149.1.13.^a da Constitución española que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas de coordinación das autoridades de xestión dos programas de desenvolvemento rural correspondentes ao período de programación 2014-2020, no marco do disposto no Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, a través dos seguintes órganos:

- a) Organismo de coordinación de autoridades de xestión.
- b) Comité nacional de seguimento.
- c) Comité de coordinación das autoridades de xestión.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do presente real decreto entenderase por:

a) Marco nacional de desenvolvemento rural: instrumento de programación que inclúe os elementos comúns dos programas rexionais e nacional segundo establece o artigo 6.3 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e o Consello, do 17 de decembro de 2013.

b) Programa nacional de desenvolvemento rural: programa de desenvolvemento rural único para todo o territorio nacional segundo o previsto no artigo 6.2 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Neste programa a estratexia responde a criterios nacionais, tendo en conta o establecido no marco nacional.

c) Programa rexional de desenvolvemento rural: programa de desenvolvemento rural para cada comunidade autónoma segundo establece o artigo 6.2 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Neste programa a estratexia responde a uns criterios rexionais e é coherente coa prevista no Programa nacional, sempre considerando os elementos comúns establecidos no marco nacional.

d) Autoridade de xestión: órgano ou entidade responsable da xestión e aplicación de cada programa, tal e como se establece no artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

e) Organismo de coordinación das autoridades de xestión: órgano designado de conformidade co artigo 66.4 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, cuxo fin é asegurar a coherencia na xestión dos fondos e establecer un vínculo entre a Comisión Europea e as autoridades de xestión de cada programa rexional e do Programa nacional.

Artigo 3. *Contido do marco nacional de desenvolvemento rural e dos programas de desenvolvemento rural.*

1. O marco nacional de desenvolvemento rural, que elaborará o organismo de coordinación de autoridades de xestión, axustarase ao disposto no Regulamento de execución (UE) n.º 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e incluírá, ao menos:

a) Declaración da necesidade dunha aplicación harmonizada da lexislación da Unión Europea de desenvolvemento rural que evite situacións de discriminación e desigualdade entre as diferentes partes do territorio nacional.

b) Precisión dos puntos de conexión no caso de operacións cuxo ámbito territorial supere o dunha comunidade autónoma segundo o disposto no artigo 5.

c) Relacións entre o marco nacional, os programas de desenvolvemento rural rexionais, o Programa nacional de desenvolvemento rural e o acordo de asociación definido no artigo 2.20 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

d) Cadro resumo da contribución Feader por cada comunidade autónoma e cada ano.

e) Mecanismo de transferencia de fondos entre programas nos termos do artigo 5.

f) Medidas para as cales se establecen elementos comúns.

g) Definición e funcións do organismo de coordinación de autoridades de xestión segundo o disposto nos artigos 7 e 8.

h) Mecanismos de verificación e control das medidas.

i) Composición e funcións do Comité nacional de seguimento.

2. O contido dos programas rexionais e nacional de desenvolvemento rural adecuarase ao disposto no artigo 8 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e ao disposto no Regulamento de execución (UE) n.º 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

3. O marco nacional de desenvolvemento rural e o Programa nacional de desenvolvemento rural terán en conta o establecido polos números 3, 4 e 5 do artigo 12 da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.

Artigo 4. *Aprobación do marco nacional de desenvolvemento rural.*

O marco nacional de desenvolvemento rural aprobarao mediante decisión a Comisión UE para efectos da programación Feader 2014-2020, e o seu contido normativo tramitarase como disposición regulamentaria ditada en desenvolvemento do dereito comunitario europeo.

Artigo 5. *Operacións que afecten dúas ou máis comunidades autónomas.*

1. Consideraranse operacións que afecten dúas ou máis comunidades autónomas as seguintes:

a) No caso en que o solicitante sexa titular dunha explotación, cando a base territorial desta se estenda a dúas ou máis comunidades autónomas.

Para estes efectos, considerarase a definición de explotación establecida no artigo 4.1.b) do Regulamento n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello.

b) No caso de que o solicitante sexa outro tipo de operador, cando supoña un investimento que abarque dúas ou máis comunidades autónomas.

2. No caso en que a base territorial das explotacións se estenda a dúas ou máis comunidades autónomas, o lugar de presentación da solicitude das axudas dependerá do tipo de axuda, segundo os seguintes casos:

a) No caso de axudas por superficie ou relacionadas con animais, a solicitude de axuda presentarase na comunidade autónoma onde se presente a solicitude única establecida no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e o sistema de xestión e control das medidas de desenvolvemento rural e outros réximes de axuda. Cada comunidade autónoma deberá xestionar e aboar a axuda das medidas incluídas no seu programa rexional e exclusivamente no que ao seu ámbito territorial se refire. Para estes efectos, o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) establecerá o oportuno sistema de intercambio de información.

b) No caso de axudas de investimento en bens mobles, a solicitude de axuda presentarase na comunidade autónoma onde a explotación teña maior base territorial. En caso de que se trate dunha explotación sen terra, a solicitude presentarase na comunidade autónoma onde estea a explotación principal.

c) No caso de axudas de investimento en bens inmobles:

1.º Cando o investimento se realice nunha única comunidade autónoma, a solicitude de axuda presentarase na dita comunidade autónoma.

2.º Cando o investimento se realice en varias comunidades autónomas, a solicitude de axuda presentarase na comunidade autónoma onde o ben inmovible obxecto de investimento teña maior base territorial.

3.º No caso de que o obxecto da axuda se corresponda cun investimento en bens inmobles relativos a unha explotación sen terra, presentarase na comunidade autónoma

onde estea a maior parte da dita explotación, sempre que na dita comunidade autónoma se realice parte do investimento.

4.º Cando unha actuación obxecto de axuda ao investimento requira unha tramitación administrativa específica derivada de normativas sectoriais (ambientais, urbanísticas ou outras), se esta se produce unicamente nunha das comunidades autónomas afectadas, a solicitude de axuda presentarase na comunidade autónoma en que se exixa a dita tramitación. Se o dito requisito se demanda en dúas ou máis comunidades autónomas, operarán os criterios establecidos nas epígrafes anteriores.

d) O cómputo das hectáreas mínimas exixidas para o outorgamento da axuda terá en conta as situadas noutras comunidades autónomas limítrofes, sempre que estas teñan a mesma ou similar liña de axuda; as respectivas comunidades autónomas serán as que a aboan en razón á porcentaxe de superficie existente en cada comunidade autónoma.

3. No suposto do número 1.b), a solicitude presentarase na comunidade autónoma onde radique a maior parte do investimento, sempre que non se encontren implicadas unidades de produción diferenciadas, caso en que se presentará unha solicitude en cada comunidade autónoma onde se localice cada unha das unidades produtivas.

En todo caso, para a aplicación das condicións da axuda establecidas no Programa de desenvolvemento rural, a comunidade autónoma terá en conta a totalidade da explotación do beneficiario, aínda cando parte dela se encontre noutra comunidade autónoma limítrofe, sempre que nela se prevexa a mesma ou similar liña de axuda, caso en que a axuda se outorgará por cada comunidade autónoma en proporción á porcentaxe do investimento realizado en cada territorio.

4. A autoridade de xestión da comunidade autónoma que reciba a solicitude deberá informar o organismo de coordinación de autoridades de xestión sobre as solicitudes reguladas neste artigo para establecer, de acordo coas comunidades autónomas implicadas, a porcentaxe de axuda que vai financiar cada unha.

5. As solicitudes de axuda presentaranse na comunidade autónoma que corresponda, de acordo co establecido nos números 2 e 3 do presente artigo, nos seguintes prazos:

a) No mesmo prazo da solicitude de pagamento único regulada no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e o sistema de xestión e control das medidas de desenvolvemento rural e doutros réximes de axuda, se se trata de medidas de desenvolvemento rural incluídas nela.

b) No prazo que estableza a comunidade autónoma en que corresponda facer a solicitude, para o resto de medidas de desenvolvemento rural.

Artigo 6. *Mecanismo de transferencia de fondos entre programas.*

1. O organismo de coordinación de autoridades de xestión poderá autorizar a tramitación ante a Comisión Europea do procedemento de modificación do cadro resumo financeiro do marco nacional previsto no artigo 3.1.d).

2. O procedemento activarase nos supostos de risco certo de perda de fondos por liberación automática de compromisos orzamentarios, apreciado polo organismo de coordinación, que poida supor a perda de fondos do Feader nalgúns dos programas, e terá carácter automático. As autoridades de xestión dos programas afectados serán consultadas previamente, en todo caso.

3. O risco de perda de fondos por liberación automática de compromisos orzamentarios analizarase, segundo o disposto no seguinte número, en función dos gastos declarados e dos compromisos de gastos comunicados polas autoridades de xestión dos programas.

O grao de cumprimento da regra do terceiro ano seguinte ao do compromiso orzamentario dun programa de desenvolvemento rural (regra N+3), expresado en porcentaxe, en aplicación do previsto no artigo 38 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, calcularase como a relación entre a axuda declarada no ano N+3 e a axuda programada até o ano N, onde:

– A axuda programada será o Feader que figura no plan financeiro desde o inicio do período de programación até o ano N.

– A axuda declarada será a suma do anticipo máis a axuda declarada á Comisión Europea acumulada desde o inicio do programa até o ano N+3, considerando até a cuarta declaración de gastos (Q4) en 31 de decembro do ano N+3.

Un programa estará en risco certo de perda de fondos se o grao de cumprimento da regra N+3 é inferior ao 100%.

4. Para conseguir un óptimo aproveitamento dos recursos existentes e evitar a perda de fondos do Feader por aplicación da regra N+3, establecerase o seguinte sistema automático de transferencia de fondos entre programas.

a) O organismo de coordinación das autoridades de xestión determinará no mes de xaneiro de cada ano o importe dos compromisos rexistrados até a data para cada programa, a partir dos datos facilitados pola autoridade de xestión en 31 de decembro do ano anterior.

b) No caso de que nalgún programa o importe dos ditos compromisos sexa inferior ao 90% da cantidade de gasto Feader que se deba xustificar durante o dito exercicio, o organismo de coordinación solicitará á autoridade de xestión correspondente un informe de situación que deberá incluír, ao menos:

1.º Importe previsto nos orzamentos xerais do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou da comunidade autónoma afectada.

2.º Convocatorias previstas para ese exercicio cos prazos de execución correspondentes.

3.º Nivel medio de execución de pagamentos dos compromisos existentes.

4.º Calquera outra información que se considere adecuada para efectos de garantir a execución do compromiso Feader existente.

Este informe deberase facilitar á autoridade de coordinación antes do 15 de febreiro. Se non se facilita, consideraranse definitivos os compromisos rexistrados en 15 de febreiro.

c) A partir do informe anterior, o organismo de coordinación establecerá o risco de perda de fondos por liberación automática de compromisos orzamentarios existente e, se é o caso, determinará antes do 1 de marzo o importe que pode ser transferido a outros programas de desenvolvemento rural.

d) As autoridades de xestión dos programas de desenvolvemento rural comunicarán, se for o caso, antes do 15 de marzo, a súa capacidade de absorción de fondos, incluíndo o compromiso do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou da comunidade autónoma receptora de reverter os fondos no caso de que o programa cedente mellore o seu nivel de execución por riba do 105% nos dous seguintes exercicios.

e) Os fondos que se van transferir asignaranse aos tres programas con maior grao de execución alcanzada, elixidos entre aqueles que manifestasen a súa vontade de aceptalos.

De acordo co artigo 5.4 do Regulamento de execución (UE) n.º 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, o cadro resumo do marco nacional modificarase por decisión da Comisión, logo de solicitude por parte do organismo de coordinación antes do 1 de abril de cada ano, de acordo cos traspasos temporais de fondos entre programas adoptados, tras o cal se deberán modificar os cadros financeiros dos programas implicados sen que estas modificacións sexan tidas en conta para o máximo de tres modificacións permitidas durante o período de programación.

5. O procedemento anterior poderá interrompelo o organismo de coordinación, en calquera momento anterior á decisión da Comisión, se o nivel de execución rexistrado polo organismo pagador (FEGA) para o programa cedente é suficiente para evitar a perda de fondos europeos.

6. Realizarase un seguimento da execución durante un exercicio posterior á transferencia e efectuarase a reversibilidade do traspaso no caso en que o programa cedente alcanzar ao menos un nivel de execución do 105% da cantidade Feader necesaria. En caso contrario, deberase modificar o cadro financeiro dos programas implicados para facer definitiva a transferencia.

Polo tanto, os transvasamentos de fondos que se produzan entre programas terán un carácter temporal mentres non se modifiquen os programas afectados.

7. Os programas que cederen fondos de forma definitiva e que no prazo dun ano posterior á transferencia, alcanzaren un nivel de execución por encima do 100%, terán prioridade como posibles receptores en seguintes traspasos de fondos entre programas.

8. A transferencia de fondos Feader entre programas suporá tamén a transferencia dos fondos da Administración xeral do Estado asociados, até o límite máximo de cofinanciamento establecido para o programa receptor.

En calquera caso, deberase respectar a desagregación anual da axuda Feader anual para o Reino de España recollida no anexo I do Regulamento n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 7. *Autoridade de xestión do Programa nacional.*

A autoridade de xestión do Programa nacional será o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal cuxas funcións serán as previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 8. *Organismo de coordinación de autoridades de xestión.*

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente exercerá as funcións de organismo de coordinación das autoridades de xestión dos programas rexionais e do Programa nacional.

Artigo 9. *Funcións do organismo de coordinación das autoridades de xestión.*

O organismo de coordinación das autoridades de xestión desempeñará as seguintes funcións:

- a) Asegurará a coherencia na xestión dos fondos Feader.
- b) Actuará como interlocutor, en virtude do artigo 66.4 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e o Consello, do 17 de decembro de 2013, entre a Comisión Europea e as autoridades de xestión nos asuntos relacionados coa programación de desenvolvemento rural e, en particular, coa representación do Estado ante o seu Comité de desenvolvemento rural, en cuxa delegación se integrará o representante autonómico que por quenda corresponda.
- c) Presentará ante a Comisión Europea o marco nacional de desenvolvemento rural e as súas modificacións.
- d) Presentará ante a Comisión Europea os programas de desenvolvemento rural e as súas modificacións, logo de verificación da normativa nacional e da Unión Europea.
- e) Autorizará ao persoal dependente das autoridades de xestión e dos organismos pagadores o acceso ao sistema europeo de intercambio electrónico de información e documentación de desenvolvemento rural.
- f) Actuará como interlocutor entre o Fondo Español de Garantía Agraria e os organismos pagadores.

g) Actuará como interlocutor entre as autoridades da Administración xeral do Estado responsables do acordo de asociación e outros documentos nacionais de programación de referencia 2014-2020, en relación coas actuacións en desenvolvemento rural e coa súa coordinación, coherencia e complementariedade cos demais fondos estruturais e da política común, o Fondo Europeo de Pesca, as intervencións do Banco Europeo de Investimentos e outros instrumentos financeiros comunitarios.

h) Realizará a elaboración, modificación e seguimento do marco nacional de desenvolvemento rural.

i) Organizará as actividades do Comité nacional de seguimento.

j) Participará nos comités de seguimento dos programas rexionais de desenvolvemento rural, nos termos previstos neles.

k) Brindará o seu apoio ás autoridades de xestión en relación coas auditorías e misións de control externo sobre os procedementos de xestión dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Feader, sen prexuízo das competencias que lle correspondan como coordinador dos organismos pagadores.

l) Recompilará e coordinará as informacións relativas ás axudas de Estado en materia de desenvolvemento rural que sexan obxecto de notificación oficial á Comisión Europea.

m) Impulsará a aplicación harmonizada das disposicións da Unión Europea.

n) Transmitirá de forma rápida e eficaz ás autoridades de xestión dos programas rexionais de desenvolvemento rural tanta información se reciba das institucións da Unión Europea.

o) Deseñará documentos comúns e información sobre a aplicación xeral dos programas.

p) Coordinará os grupos de traballo que constitúa o Comité nacional de seguimento para a análise da aplicación dos programas.

q) Elaborará, conxuntamente co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), como autoridade de coordinación de organismos pagadores un marco cos elementos esenciais para a avaliación da verificación e o control das medidas dos programas de desenvolvemento rural.

r) Informará ás autoridades de xestión das visitas das institucións europeas e sobre os asuntos tratados nelas, en especial, no Comité de desenvolvemento rural.

s) Proporcionará apoio nas auditorías e misións de control externo sobre procedementos de xestión e seguimento dos seus resultados.

Artigo 10. *Comité nacional de seguimento.*

1. Sen prexuízo das competencias que corresponden aos comités de seguimento dos programas rexionais, o Comité nacional de seguimento que depende da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, como organismo de coordinación das autoridades de xestión dos programas de desenvolvemento rural 2014-2020, coordina a execución dos ditos programas en relación co marco nacional e a utilización dos recursos financeiros, en virtude do disposto no artigo 73 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. A composición do Comité nacional de seguimento é a que figura no anexo.

3. O Comité nacional de seguimento establecerá as súas propias normas de funcionamento no seu regulamento interno.

4. As funcións do Comité nacional de seguimento, sen prexuízo do que se estableza no seu regulamento interno de funcionamento serán, ao menos, as seguintes:

a) Revisar e coordinar a execución dos programas rexionais en relación co marco nacional e a utilización dos recursos financeiros.

b) Acordar as propostas de modificación do marco nacional, cuxa presentación á Comisión Europea corresponde ao organismo de coordinación das autoridades de xestión.

c) Acordar a creación de grupos de traballo técnicos.

d) Asumir as funcións do Comité de participación da Rede rural nacional establecido para o período 2007-2013. Estas funcións son as seguintes:

1.º Debater as orientacións e prioridades conceptuais do traballo da Rede rural nacional, e propor liñas estratéxicas de actuación.

2.º Coñecer e emitir informe sobre o Plan de acción da Rede rural nacional, así como sobre os programas anuais de cada exercicio derivados do anterior, e os informes anuais de seguimento de execución deles.

3.º Realizar propostas, suxestións e achegas, así como facilitar o debate, a difusión e o intercambio de información.

4.º Aprobar a constitución, modificación e disolución dos grupos de traballo, e coñecer e emitir informe sobre o seu o traballo.

5.º Elevar á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sustentable do Medio Rural os informes e propostas xerados no exercicio das súas funcións.

6.º Actuar como órgano de consulta, información e divulgación de cuestións relacionadas coa Rede rural nacional que se sometan á súa consideración.

Artigo 11. *Comité de coordinación das autoridades de xestión.*

1. Créase o Comité de coordinación de autoridades de xestión, adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, composto por todas as autoridades de xestión dos programas rexionais, co fin de debater e acordar conxuntamente os aspectos comúns que afecten a aplicación e execución dos programas. O Comité de coordinación estará presidido polo director xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal e exercerá de secretario o subdirector xeral de Programas e Coordinación.

2. O Comité de coordinación exercerá as seguintes funcións:

a) Acordar as transferencias financeiras entre os programas de conformidade co mecanismo de transferencia de fondos establecido no artigo 5.

b) Coñecer os traballos do Comité de desenvolvemento rural da Comisión Europea e transmitir á Comisión Europea observacións cando se alcance unha posición común.

c) Aprobar as directrices sobre coordinación, coherencia e complementariedade das medidas Feader coas de Feaga, os fondos estruturais, o Fondo Europeo Marítimo de Pesca, as intervencións do Banco Europeo de Investimentos e outros instrumentos financeiros comunitarios.

d) Acordar directrices nacionais de aplicación das medidas de desenvolvemento rural, incluída a subvencionabilidade dos gastos.

e) Ser informado das resolucións da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal que afecten a aplicación dos programas.

f) Aprobar o regulamento de réxime interior que regulará, entre outras cuestións, a forma das convocatorias e o desenvolvemento das sesións, a posibilidade de utilizar o procedemento escrito, a videoconferencia e o uso de medios electrónicos, a designación de titulares e suplentes dos membros do Comité e o procedemento de adopción de acordos.

3. O Comité de coordinación poderá adoptar decisións polo procedemento escrito ou mediante reunións periódicas, que poderán ser presenciais ou virtuais, a través de videoconferencia ou doutros medios apropiados. En todo caso, poderá ser convocado en calquera momento para información ou consulta en cuestións de programación e aplicación dos programas.

Artigo 12. *Comunicación da información.*

As autoridades de xestión deben facilitar ao organismo de coordinación:

a) A información necesaria para dar cumprimento ás obrigacións impostas pola normativa da Unión Europea, en particular, información sobre a execución dos programas de desenvolvemento rural e as propostas de modificacións dos programas, as datas e documentación dos comités de seguimento.

b) Información sobre as axudas de Estado, o financiamento de investimentos que afectan máis dun programa de desenvolvemento rural e a designación de zonas con limitacións específicas.

A participación nos acordos de territorialización de fondos comunitarios e nacionais destinados a desenvolvemento rural quedará condicionada ao cumprimento deste artigo.

Disposición adicional única. *Recursos humanos e materiais.*

O funcionamento dos órganos colexiados que se crean no presente real decreto será atendido cos medios materiais e persoais existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sen que isto supoña incremento do gasto público.

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 1113/2007, do 24 de agosto, polo que se establece o réxime de coordinación das autoridades de xestión dos programas rexionais de desenvolvemento rural e a Orde ARM/3367/2010, do 22 de decembro, pola que se establece a organización da Rede rural nacional.

Disposición transitoria única. *Aplicación transitoria da normativa anterior.*

Sen prexuízo do disposto na disposición derogatoria, o Real decreto 1113/2007, do 24 de agosto, e a Orde ARM/3367/2010, do 22 de decembro, seguirán sendo de aplicación até o peche do período de programación 2007-2013 no que proceda, como normativa vixente no momento do nacemento da situación xurídica respectiva.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 401/2012, do 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

O artigo 10.1 c) do Real decreto 401/2012, do 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, queda redactado como segue:

«c) Desempeñar as funcións de deseño, seguimento, avaliación e a xestión do Plan estratéxico nacional de desenvolvemento rural e do marco nacional de desenvolvemento rural 2007-2013, así como as previstas no Real decreto 1080/2014, do 19 de decembro, polo que se establece o réxime de coordinación das autoridades de xestión dos programas de desenvolvemento rural para o período 2014-2020.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución española.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditar cantas disposicións sexan necesarias no ámbito da súa competencia para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e para a modificación do contido do anexo.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO

Composición do Comité nacional de seguimento

A composición do Comité nacional de seguimento será a seguinte:

1. Presidente: director xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, que será substituído por un subdirector xeral de tal dirección xeral.
2. Vogais:
 - 1.º Un representante de cada unha das subdireccións xerais da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente:
 - a) Subdirección Xeral de Programación e Coordinación.
 - b) Subdirección Xeral de Modernización de Explotacións.
 - c) Subdirección Xeral de Fomento do Desenvolvemento do Medio Rural.
 - d) Subdirección Xeral de Silvicultura e Montes.
 - e) Subdirección Xeral de Regadíos e Economía da Auga.
 - 2.º Un representante da Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
 - 3.º Un representante da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
 - 4.º Un representante da Dirección Xeral de Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
 - 5.º Un representante da Dirección Xeral de Calidade, Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
 - 6.º Un representante do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
 - 7.º Un representante da autoridade de xestión de cada un dos 18 programas de desenvolvemento rural 2014-2020:
 - a) Programa de desenvolvemento rural de Andalucía 2014-2020.
 - b) Programa de desenvolvemento rural de Aragón 2014-2020.
 - c) Programa de desenvolvemento rural do Principado de Asturias 2014-2020.
 - d) Programa de desenvolvemento rural das Illes Balears 2014-2020.
 - e) Programa de desenvolvemento rural de Canarias 2014-2020.
 - f) Programa de desenvolvemento rural de Cantabria 2014-2020.
 - g) Programa de desenvolvemento rural de Castilla-La Mancha 2014-2020.
 - h) Programa de desenvolvemento rural de Castilla y León 2014-2020.
 - i) Programa de desenvolvemento rural de Cataluña 2014-2020.
 - j) Programa de desenvolvemento rural de Extremadura 2014-2020.
 - k) Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.
 - l) Programa de desenvolvemento rural de La Rioja 2014-2020.
 - m) Programa de desenvolvemento rural da Comunidade de Madrid 2014-2020.
 - n) Programa de desenvolvemento rural Rexión de Murcia 2014-2020.
 - o) Programa de desenvolvemento rural da Comunidade Foral de Navarra 2014-2020.
 - p) Programa de desenvolvemento rural do País Vasco 2014-2020.
 - q) Programa de desenvolvemento rural da Comunidade Valenciana 2014-2020.
 - r) Programa nacional de desenvolvemento rural 2014-2020.
 - 8.º Un representante da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
 - 9.º Un representante do Ministerio de Emprego e de Seguridade Social.
 - 10.º Un representante da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
 - 11.º Un representante da Dirección Xeral para a Igualdade no Emprego e contra a Discriminación do Ministerio de Emprego e de Seguridade Social.

- 12.º Un representante do organismo autónomo Parques Nacionais do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
- 13.º Un representante do Instituto da Muller do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- 14.º Unha representación da Comisión Europea.
- 15.º Un representante da Rede de autoridades ambientais.
- 16.º Un representante de Comisións Obreiras (CC OO).
- 17.º Un representante da Unión Xeral de Traballadores (UGT).
- 18.º Un representante da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).
- 19.º Un representante de Cooperativas Agro-Alimentarias.
- 20.º Un representante da Asociación Agraria Agricultores Mozos (Asaja).
- 21.º Un representante da Coordinadora de Organizacións de Agricultores e Gandeiros (COAG).
- 22.º Un representante da Unión de Pequenos Agricultores (UPA).
- 23.º Un representante da Rede española de desenvolvemento rural (REDR).
- 24.º Un representante de Rede estatal de desenvolvemento rural (Reder).
- 25.º Un representante da Federación Española de Industrias da Alimentación e Bebidas (Fiab).
- 26.º Un representante da Federación Española de Produtores-Exportadores de Froitas, Hortalizas, Flores e Plantas Vivas (Fepex).
- 27.º Un representante de Ecoloxistas en Acción.
- 28.º Un representante de WWF/España.
- 29.º Un representante de SEO/Birdlife.
- 30.º Un representante das organizacións de mulleres do mundo rural non vinculadas ás organizacións profesionais agrarias.
- 31.º Un representante da Confederación de Silvicultores de España (Cose).
- 32.º Asociación Nacional de Empresas Forestais (Asemfo).
- 33.º Un representante da Federación Nacional de Comunidades de Regantes (Fenacore).
- 34.º Un representante da Asociación de Propietarios Rurais para a Xestión Cinexética e a Conservación do Ambiente (Aproca).
- 35.º Un representante da Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel e Cartón (Aspapel).
- 36.º Un representante da Asociación de Empresas Restauradoras da Paisaxe e do Ambiente (Aserpyma).
- 37.º Un representante da Confederación Española de Empresas da Madeira (Confemadera).
- 38.º Un representante das Asociacións de Familias e Mulleres do Medio Rural (Afammer).
- 39.º Un representante da Federación de Mulleres e Familias do Ámbito Rural (Amfar).
- 40.º Un representante da Unión Nacional de Asociacións de Caza (UNAC).
- 41.º Un representante da Fundación Biodiversidade.
- 42.º Un representante da Rede española de queixarías de campo e artesás (Arquetex).
- 43.º Un representante da Asociación Española de Turismo Rural (Asetur).
- 44.º Un representante da Asociación de Profesionais de Turismo Rural (Autural).
- 45.º Un representante da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE).
- 46.º Un representante da Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa (Cepeme).
- 47.º Un representante da Asociación de Mulleres do Mundo Rural (Ceres).
- 48.º Un representante da Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica (Cermi/Cocemfe).

- 49.º Un representante da Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural (Coceder).
- 50.º Un representante da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur).
- 51.º Un representante da Federación Española de Gando Selecto (Feagas).
- 52.º Un representante da Federación Española da Muller Rural (Femur).
- 53.º Un representante da Federación Española de Profesionais de Desenvolvemento Local (Feprodel).
- 54.º Un representante da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (Fedme).
- 55.º Un representante da Fundación Cepaim.
- 56.º Un representante da Fundación Félix Rodríguez de la Fuente.
- 57.º Un representante da Fundación Global Nature.
- 58.º Un representante do Instituto de Cuestións Agrarias e Ambientais (ICAM).
- 59.º Un representante do Instituto de Desenvolvemento Comunitario (IDC).
- 60.º Un representante de Plataforma Rural.
- 61.º Un representante da Asociación de Forestais de España (Profor).
- 62.º Un representante da Real Federación Española de Caza (RFEC).
- 63.º Un representante da Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica (SEAE).
- 64.º Un representante da Unión de Centros de Acción Rural (Uncear).
- 65.º Un representante da Asociación de Centros de Información Europea para o Mundo Rural (UrdimbrED).
- 66.º Un representante do Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE).
- 67.º Un representante da Fundación Ecoagroturismo (Ecotur).
- 68.º Un representante da Federación Española de Empresas con Produtos Ecolóxicos (Fepeco).

3. Secretario: un subdirector xeral que designará o titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.